



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Advto. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria xustificativa dun convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia-Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o concello de Pereiro de Aguiar para a execución do proxecto denominado Ensanche e mellora de accesos a Carballizos*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 14 de novembro de 2019.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electrónicamente a presente dilixencia.



Xacobeo 2021



Memoria xustificativa dun convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia-Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o concello de Pereiro de Aguiar para a execución do proxecto denominado *Ensanche e mellora de acceso a Carballizos*

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten previsto asinar co concello de Pereiro de Aguiar un convenio de cooperación para a execución do proxecto denominado *Ensanche e mellora de acceso a Carballizos*.

O Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza atribúelle a este departamento, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local atribuíndolle, entre outras, as competencias en materia de asistencia á administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Pola súa banda, os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Así pois este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa o fomento de todas aquelas actuacións que permitan potenciar e apoiar a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados..

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Pereiro de Aguiar o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2020.



4. Obxecto do convenio

O convenio ten por obxecto fixar as liñas de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza e o concello de Pereiro de Aguiar para a execución do proxecto denominado *Ensanche e mellora de acceso a Carballizos*.

5. Fundamentos do convenio

O concello de Pereiro de Aguiar expuxo a necesidade de executar o proxecto denominado *Ensanche e mellora de acceso a Carballizos* que ten por obxecto definir e valorar as obras necesarias para a mellora e o acondicionamento das infraestruturas básicas de comunicación no núcleo rural de Carballizos, favorecendo as condicións de tránsito e seguridade vial e, deste xeito, proporcionar unha mellor calidade de vida aos seus veciños, constituíndo a frear a despoboación e fomentando a actividade económica da zona.

Así pois, este convenio de cooperación responde ao interese público e social que representa o fomento de todas aquelas actuacións que permitan potenciar e apoiar a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados e se corresponde con actuacións financiáveis de conformidade coa natureza do gasto.

Este contexto local insírese nun marco orzamentario fortemente restritivo que afectou todas as administracións públicas, sen que a administración local sexa unha excepción neste sentido. Deste marco deriva, entre outras consecuencias, as dificultades do concello de Pereiro de Aguiar para afrontar en solitario os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención representan para a facenda municipal.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na eliminación das carencias nas infraestruturas municipais sobre as que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do concello de Pereiro de Aguiar.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral Técnica, alcanzará a cantidade máxima de TRINTA E DOUS MIL EUROS (32.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.760.0 (CP 2015 00088). Esta cantidade representa o 96,78 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.



Esta achega distribúese en dúas anualidades:

Aplicación orzamentaria	2019	2020
05.21.121A.760.0	10.000 €	22.000 €

Incorporase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 26.2-a), da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións públicas de Galicia.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2019

A secretaria xeral técnica



Beatriz Cuiña Barja



Xacobeo 2021

